



002856 21.03.2014 12:08

Á vista do escrito do profesor D. Rodrigo Carballo Sánchez, Coordinador do Grupo de Enxeñaría Civil e Enerxías Marinas (GICEMA) e IP do proxecto *Predición da Morfodinámica da Eta de Ribadeo a Longo Prazo*, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas da titulación de Master Universitario en Dirección de Proxectos, esta REITORÍA

-Considerando que na EPS impártense a titulación de Master Universitario en Dirección de Proxectos. En dita titulación recóllese a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de 15 créditos ECTS, (1 crédito por cada 25 h), dentro da materia Prácticas en empresa de carácter obrigatorio. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que o proxecto arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela. (EPS)

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos do Master Universitario en Dirección de Proxectos coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado da titulacións de Master Universitario en Dirección de Proxectos da EPS participando no proxecto arriba citado..
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar 375 horas recollidas no plano de estudos.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica destas titulacións de acordo co Coordinador do proxecto mencionado, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas dentro do proxecto mencionado, non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
 - A Comisión Académica da titulación do Master Universitario en Dirección de Proxectos nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Coordinador do proxecto mencionado nomeará a un titor que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
 - Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.



- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas do proxecto mencionado.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o Coordinador do proxecto emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

O REITOR

Juan José Casares Long

**SR. DIRECTOR DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
SR. COORDINADOR DO MASTER EN DIRECCION DE PROXECTOSN
SR D. RODRIGO CARBALLO SANCHEZ
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**